

	Cri- te- rio	Descrición criterio	Exercicios
Bloque de comuni- cación	CA2.5.	CA2.5. Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural.	Resumir o texto (cunha extensión aproximada de 60 palabras). Realizar un esquema ou indicar o tema, ideas principais e secundarias. Significado concreto no texto dalgunha palabra, expresión ou fragmento. Recoñecer a intencionalidade. Será especialmente interesante que se perciba o sentido real do texto, alén da súa literalidade (, a ironía, as presuposicións etc.). Identificar xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica. Escooller entre varias opcións, para avaliar as competencias relacionadas coa comprensión etc.
	CA2.6	CA2.6. Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	
	CA2.7	CA2.7. Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación.	
	CA2.8	CA2.8. Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	
Bloque de refle- xión sobre a lingua	CA4.3	CA4.3. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Exercicios posibles: 1. Creación de palabras e enriquecemento do léxico mediante a composición, derivación, parasíntese e acronimia. 2. Identificar clases de palabras. 3. Identificar e empregar formas verbais e perífrases. 4. Identificar e empregar as clases de sintagmas/frases, os seus constituíntes e as funcións que poidan exercer nas cláusulas/oracións. 5. Identificar e usar as funcións primarias da cláusula/oración (suxeito, predicado etc.). 6. Sinonimia, antonimia, hiperonimia, campo léxico e campo semántico, mediante a identificación nun texto ou o emprego de sinónimos, antónimos etc.). 7. Explicar o significado concreto no texto dalgunha palabra, expresión ou fragmento. 8. Poderase preguntar por algúns dos elementos que contribúen a dotar de cohesión e coherencia un texto, (antecedentes de relativos, referentes de pronomes, valores anafóricos e catafóricos dalgún elemento, nexos e conectores...) Aclaracións: 1. Non se pedirá análise sintáctica formal de oracións/cláusulas. 2. Non se pedirá análise morfolóxica de palabras, pero poderá pedirse identificación dalgún dos seus constituíntes (familias léxicas ou significados dos mesmos morfemas noutras palabras) 3. Non se pedirá análise xeral dos mecanismos de cohesión dun texto (aínda que se valorará o seu uso na produción textual).

			4. As preguntas non serán teóricas ; non se trata de memorizar, senón de identificar o valor de unidades lingüísticas nun contexto determinado para unha máis profunda comprensión textual.
Bloque de lingua e sociedade	CA1.1	CA1.1 Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Produción dun texto cunha extensión de 200 palabras Análise de estímulos (textos, viñetas, estatísticas, gráficas, mapas...) vinculados aos saberes básicos do bloque 1 . Con carácter orientativo e non excluínte poderán versar sobre: - Aspectos sociolingüísticos: prexuízos, normalización... - Variedades dialectais - Rexistros lingüísticos - Linguas da Península Ibérica.
	CA1.2	CA1.2. Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	
Bloque de educación literaria	CA2.5.	CA2.5. Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Produción dun texto cunha extensión aprox. de 200 palabras. Entre as posíbeis preguntas: - A partir do texto proposto e do enunciado da pregunta, identificar as características da escrita do autor/a de xeito que poidan relacionalo coa escrita doutras autoras/es, movementos, ou correntes literarias. - Comparar dous textos literarios en función da súa temática, forma... - Elaborar un comentario literario guiado. Precisarase que se xustifique a resposta con exemplos do propio texto
	CA2.6	CA2.6. Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	
	CA2.7	CA2.7. Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación.	
	CA2.8	CA2.8. Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade.	
	CA3.5	CA3.5. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	